



**RIBEIRA**

## **Alegacións do BNG de Ribeira á Proposta de Modificación Puntual do Plano Galego de Acuicultura**

Diante da Proposta de Modificación Puntual do Plano Galego de Acuicultura **presentada pola Consellería do Mar da Xunta de Galiza** (Revisión do Plano Sectorial dos Parques de Tecnoloxía Alimentaria, (DOG nº 215, do 3 de Novembro), **Dona Dominga Brión Sanmiguel, concelleira-voceira do Bloque Nacionalista Galego de Ribeira, e na súa representación**, con enderezo a efectos de notificación en Rúa Amarella nº 2, entrechán, Ribeira (A Coruña), con Documento de Identidade nº 33.257.400K presenta as seguintes

### **ALEGACIONES**

O Plano Galego de Acuicultura, (en adiante PGA), revisión do Plan Sectorial dos Parques de Tecnoloxía Alimentaria na Costa Galega de 30 de Xuño de 2005 (DOG 20 de xullo), presenta unha serie de deficiencias nomeadamente no que se refire aos aspectos que afectan directamente ao Concello de Ribeira e ó seu entorno máis próximo, máis concretamente ao **Parque denominado de Laxe Brava (Corrubedo) no Concello de Ribeira.**

#### **Alegación 1ª: Sobre o carácter xeral do PLAN GALEGO DE ACUICULTURA.**

Pretendendo “*determinar as condicións xerais... para o desenvolvemento da acuicultura mariña en terra...*” o Plano fala de “*sector acuícola*” e “*acuicultura galega*” referíndose, de feito exclusivamente, ao subsector da cría/engorde de peixes planos en granxas litorais e esquecendo totalmente ao resto da acuicultura galega como o marisqueo a flote, a pé ou en parques de cultivo (bateas,...). Estes subsectores tradicionais, os que maior peso económico comportan, os que máis emprego xeran, os que máis sustentabilidade conlevan son, non so absolutamente esquecidos no PGA senón que tamén serán, no que ao Concello de Ribeira se refire, os que máis sufran o impacto negativo que suporía a implantación dun Parque na Punta Laxe Brava no Concello de Ribeira.

O Plan Galego de Acuicultura de abarca toda a costa galega, dende a fronteira con Asturias ata o límite con Portugal, incidindo especialmente e de forma desproporcionada no entorno dun dos máis valiosos espazos naturais da nosa costa: o “Complexo Húmido de Corrubedo”, incluído na proposta galega para a Rede Natura 2000, e que abarca os termos municipais de Ribeira polo Sur e Porto do Son polo Norte. Segundo se deduce do exposto na revisión do Plan, o tramo costeiro deste espazo será o máis afectado polo desenvolvemento e execución deste, xa que nel se inclúen case medio millón de metros cadrados de superficie do concello de Ribeira (308.000 m<sup>2</sup>).

A área afectada polo desenvolvemento do Plan é lindeira con algúns dos mellores espazos protexidos da costa galega e de todo o noroeste peninsular, que ostentan as máis importantes figuras de protección existentes: Parque Natural “Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán”, Parque Nacional das “Illas Atlánticas de Galicia”, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) “Complexo Húmido de Corrubedo”, Humidal Protexido (HP) “Complexo das Praias, Lagoa e Duna de Corrubedo”, Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) “Complexo Húmido de Corrubedo”, Humidal de Importancia Internacional (Ramsar) “Complexo das Praias, Lagoa e Duna de Corrubedo”, Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) “Complexo Litoral de Corrubedo”, etc.

Un verdadeiro Plano Sectorial debера ter moi en conta, como criterios de exclusión, as repercusións negativas das instalacións que promove sobre outras actividades, xa en marcha, do propio sector que se pretende ordenar, polo que non caben, ao noso entender, as instalacións do parque de Laxe Brava, en Corrubedo, Ribeira.

## **Alegación 2ª: Sobre a incidencia supramunicipal do Plan Galego de Acuicultura.**

O PGA(Modificación) mantén a declaración de supramunicipalidade do documento que revisa. Segundo o Decreto 80/2000 do 23 de marzo polo que se regulamentan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, son consideradas de incidencia supramunicipal (artigo 3.3) as “*instalacións destinadas á realización de actividades económicas primarias, secundarias e terciarias que cumpran as condicións sinaladas no artigo 2.1º deste decreto*”. O devandito artigo 2.1 sinala que “*Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de **interese público** ou **utilidade social** cando a súa incidencia transcenda do termo municipal ...*”.

Non consideramos que as instalacións de acuicultura en terra, que actualmente empregan “*525 persoas, entre personal de dirección, vendas, calidade, marketing, produción e I+D*” segundo o propio documento técnico, deban ser consideradas de “*interese público ou utilidade social*”, máxime cando o sector da acuicultura a flote e os parques de cultivo mariños, como xa dixemos, esquecidos no presente Plan, dan emprego directo a unhas 10.000 persoas (datos de 2002).

Asemade, no artigo 4º do Decreto 80/2000, recóllese que para declarar a incidencia supramunicipal da infraestrutura, dotación ou instalación, teranse en conta os seguintes **criterios**:

- a) *Os efectos positivos que produza para o ambiente, a paisaxe rural e o patrimonio cultural.*
- b) *A contribución ó desenvolvemento sostible social e económico de Galicia.*
- c) *A poboación beneficiaria da infraestrutura, dotación ou instalación.*
- d) *A función vertebradora e estruturante do territorio que leve consigo tal actuación.[...]*
- f) *Calquera outro criterio que contribúa directamente ós obxectivos fundamentais enunciados no artigo 3 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia”.*

Estes obxectivos son os seguintes:

- a) *Disposición dunha axeitada estrutura espacial tendente a conseguir un equilibrado desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia procurando o máximo benestar da súa poboación ao tempo que se garante a protección e mellora do medio ambiente.*

b) *Definición dos criterios a seguir nos asentamentos favorecendo a accesibilidade da poboación ao medio natural, mellorando as súas condicións de vida.*

c) *Compatibilización do proceso de seguemento do sistema produtivo, da urbanización e da ordenación turística coa racional utilización dos recursos naturais, sobre todo no referente ao litoral, aos recursos hidráulicos e á paisaxe.*

[...]

f) *definición das áreas territoriais que, pola súa idoneidade actual ou potencial para a explotación agrícola, forestal ou gandeira, ou pola súa riqueza paisaxística ou ecolóxica, teñan que ser obxecto de especial protección.*

[...]

Neste senso, e a respecto dos criterios recollidos no artigo 4º do decreto 80/2000, entendemos que o vixente PGA incumpre as condicións para ser considerado de interese supramunicipal polas seguintes razóns:

**Alegación 3ª: O PGA provoca efectos negativos para o ambiente.** (art. 4º, criterio a) do Decreto 80/2000):

O cultivo de peixes planos non pode considerarse en absoluto, “*a única alternativa viable para dar reposta á crecente demanda de consumo destas especies*” e “*un medio necesario para preservar o aumento da biodiversidade mariña*”. Ben ao contrario, os peixes planos criados nestas instalacións (rodaballos e linguados) son especies carnívoras que consumen proteína animal transformada en forma de pensos. Estes pensos son fabricados a partir doutros peixes provintes dos descartes da pesca comercial e con especies que non teñen unha saída directa no mercado capturadas en todos os mares do mundo polos grandes arrastreiros industriais. Portanto, **non pode afirmarse que esta actividade contribúa a preservar a biodiversidade mariña** ou a limitar as capturas da pesca extractiva, porque de xeito indirecto está a detraer inmensas cantidades de biomasa dos océanos para alimentar aos peixes das granxas, diminuindo a diversidade natural do mar e, paradoxalmente, aumentando a presión pesqueira.

En canto á afección aos espazos protexidos, **non pode afirmarse que o Plano Sectorial en revisión non implica a alteración de ningún espazo protexido**, nomeadamente da Rede Natura 2000 de Galiza. O acordo do Consello da Xunta do 22 de xullo de 2006 decidiu revisar e modificar o dito Plano Sectorial, “*co obxectivo de asegurar que o desenvolvemento da acuicultura na costa galega é compatíbel coa preservación dos espazos naturais onde se prevé o seu desenvolvemento, e dotalo dunha maior seguridade xurídica*”. Neste senso, non se pode pretender que a afección aos espazos protexidos, quer os LICs e ZEPAs da Rede Natura Galega, se limite só a ocupación física destes espazos (ocupación que sí se da puntualmente para determinadas instalacións –foxos, tuberías e bombeos-, así como no caso das ampliacións das granxas existentes). A este respecto, o **artigo 6 da Directiva 92/43 CE de Hábitats** indica que:

“Artículo 6

[...]

3. *Cualquier plan o proyecto que, sin tener relación directa con la gestión del lugar o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a los citados lugares, ya sea individualmente o en combinación con otros planes y proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar, teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho lugar. A la vista de las conclusiones de la evaluación de las repercusiones en el lugar y supeditado a lo dispuesto en el apartado 4, las autoridades nacionales competentes sólo se declararán de acuerdo con dicho plan o proyecto tras haberse asegurado de que no causará perjuicio a la integridad del lugar en cuestión y, si procede, tras haberlo sometido a información pública.*

4. [...] *En caso de que el lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural y/o una especie prioritarios, únicamente se podrán alegar consideraciones relacionadas con la salud humana y la seguridad pública, o relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para el medio*

*ambiente, o bien, previa consulta a la Comisión, otras razones imperiosas de interés público de primer orden.”*

Ao noso entender, resulta claro que a construción de instalacións de acuicultura industrial dentro da Rede Natura, inmediatamente contiguas a un LIC ou ZEPA ou nas súas proximidades, como é o caso da mencionada no Concello de Ribeira e contorno próximo, si vai ter repercusións sobre dito espazo, poñendo en perigo a súa integridade natural. Asemade, o parque de acuicultura de Laxe Brava **non pode ser considerado dende ningún punto de vista “actividade relacionada coa saúde humana e a seguridade pública”**. Son actividades industriais xeradoras de millóns de m<sup>3</sup> de augas contaminadas cada ano e que van ser inxectadas nun medio litoral de alta calidade ecolóxica, como son os treitos marítimos dalgúns LICs e ZEPAs ou mesmo Parques Naturais:

Sinalar tamén que é unha falsidade que os parques de acuicultura en terra sexan empresas *“non contaminantes, podendo incluso mellorar a calidade do efluente respecto do medio”*. É unha realidade, sustentada polos datos da propia administración galega (Augas de Galiza, resposta a unha solicitude de ADEGA en novembro de 2006) que practicamente todas as instalacións -27 en total- de acuicultura industrial nas bacías de Galiza-Costa, algunha con máis de 15 anos en funcionamento **carecen aínda de permiso de vertido**. Este permiso, obrigatorio segundo a Lei 46/1999 de 13 de decembro, de modificación da Lei 29/1985 de Augas, debe concederse con anterioridade á licenza municipal de obras e serve á administración para coñecer e monitorizar a calidade e cantidade das substancias que van ser emitidas ao medio acuático: *“Artigo 9.1. As autorizacións de vertidos establecerán as condicións en que deben realizarse, na forma que reuglamentariamente se determine. En todo caso, deberán especificar as **instalacións de depuración necesarias e os elementos de control** do seu funcionamento, así como os **límites cuantitativos e cualitativos** que se impoñan á composición do efluente e o importe do canon de control do vertido definido no artigo 105; 2. As autorizacións de vertido terán un prazo máximo de vixencia de cinco anos, renovábeis sucesivamente sempre que cumpran as normas de calidade e obxectivos ambientais esixíbeis en cada momento. En caso contrario, poderán ser modificadas ou revogadas de acordo co disposto nos artigos 96 e 97.”*

Deste xeito, a administración descoñece a composición e a carga contaminante dos efluentes que son xerados e vertidos por millóns de m<sup>3</sup> anualmente nestas instalacións, sen ningún tratamento secundario. Tan só no mellor dos casos unha simple decantación ou un filtrado a través dunha *“malla metálica de 1 mm de paso”* (datos do proxecto sectorial da piscifatoría de Piñeira, Ribadeo). A propia Comisión Europea, nun documento (Decisión 1-3-2001) relativo ás axudas FEDER e FEOGA para o Programa Operativo Integrado de Galiza (2000-2006) recóllese a seguinte observación a respecto das piscifatorías galegas: *“Coidar a depuración das augas das piscifatorías, a posíbel **contaminación xenética** e a propagación de **enfermidades** a outras poboacións [salvaxes]”*. Mesmo na memoria do presente Plano Sectorial en revisión, afírmase no apartado A.2.4 relativo aos requirimentos das instalacións de acuicultura que un dos requisitos imprescindíbeis para a ubicación destas instalacións é que (p. 33 e 34) *“1.º) A zona ha de asegurar que non se produza en ningún momento o retorno da auga de saída da granxa (que tras o seu paso polas canles de distribución e polas piscinas presentan **certo grao de carga orgánica**) cara á columna de auga que pasa ao interior da instalación a través de tubo de captación”*. Se a calidade dos efluentes é tal que melloran os parámetros de contaminación con respecto ao medio, por que *“A zona ha de asegurar que **non se produza en ningún momento o retorno da auga de saída da granxa**” e “as correntes mariñas da zona han de ser estables e discorrer de tal modo que **afasten a auga xa utilizada do punto de captación**”*.

Análises de mostras de auga de mar obtidas nos puntos de toma de auga e de vertido dunha instalación de acuicultura demostran que estes vertidos non poden ser considerados “non contaminantes” nin moito menos pensar que “incluso poden contribuír a mellorar a diversidade do medio”

A isto hai que engadir unha longa listaxe de **produtos químicos, antibióticos e antisépticos** usados nas diversas fases do proceso produtivo, e cuxa aplicación está moi lonxe de constituír un exemplo de boa praxe empresarial a respecto da seguranza para o medio e a saúde pública:

Resulta máis que evidente que estas instalacións en absoluto contribúen a mellorar o estado ambiental das zonas onde se instalan. Ben ao contrario: son unha fonte de risco biolóxico e de contaminación orgánica e química que poñen en perigo non só o bo estado ecolóxico das zonas protexidas veciñas, senón tamén os recusos pesqueiro-marisqueiros autóctonos das áreas onde se implantan.

**No caso do espazo afectado no Concello de Ribeira**, o custe ambiental que se debe asumir é moi alto, os impactos producidos pola ocupación de grandes superficies de terreos actualmente protexidos incide negativamente sobre os espazos naturais protexidos lindeiros, entre os que figura o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, e a Zona de Especial Protección dos Valores Naturais Complexo Húmido de Corrubedo, espazos sobre os que recaen outras figuras de protección, así como nos obxectivos de desenvolvemento turístico sustentable previstos por outras administracións (Concello, Consellería de Medio Ambiente, D. X. De Turismo, Demarcación de Costas) e nalgúns proxectos de mellora ambiental que actualmente en tramite para estas áreas. De feito, o lugar que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos propón para a instalación denominada Punta Laxe Brava correspóndese coa superficie que a Consellería de Medio Ambiente pretende ampliar a proposta da Rede Natura 2000 para a rexión atlántica, recoñecendo a importancia dos valores naturais destes espazos.

#### **Alegación 4ª: Non contribución ao desenvolvemento social e económico sustentable de Galiza** (art. 4º, criterio b) do Decreto 80/2000)

O Plan non contribuirá, en termos absolutos cuantitativos, ao desenvolvemento social e económico de Galicia, e a súa implantación nas zonas pertencentes ao Concello de Ribeira non se pode xustificar baseándose no concepto de “Desenvolvemento Sustentable”. A implantación do parque previsto no entorno do “Complexo Húmido de Corrubedo” non favorece, de forma apreciable nin significativa, o desenvolvemento sustentable social e económico da zona, xa que:

1. Proporcionalmente a outras actividades, non se prevé a xeración dun número significativo de postos de traballo (no Plan menciónanse cifras tendenciosas que inclúen os postos xerados por outras actividades de acuicultura que non son obxecto de planificación, coma o cultivo de mexillón en bateas, onde o emprego é numeroso, de maior calidade, e as repercusións económicas da actividade son máis positivas para o entorno social).
2. Resulta incuestionable que os beneficios económicos, de habelos, serían para as empresas propietarias das instalacións. En troques, non se cuantifican as perdas orixinadas nas diferentes actividades que se puideran ver afectadas polo desenvolvemento do Plan. Dende logo resulta evidente a repercusión negativa que inducirá nos propietarios dos terreos afectados, pero tamén nos sectores marisqueiro e de pesca artesanal, que poden verse directamente afectados polos impactos ambientais que produzan os vertidos procedentes das macroinstalacións sobre a zona costeira, e tamén na cidadanía en xeral.
3. Como elemento fundamental de sustentabilidade das áreas incluídas no PAG do Concello de Ribeira, encóntrase o Turismo e o Lecer. Estas actividades teñen na actualidade unha grande importancia e contan, ademáis con enormes posibilidades de desenvolvemento. Tal é así, que a Consellería de Medio Ambiente **pretende ampliar a proposta da Rede Natura 2000** para a rexión atlántica, recoñecendo a importancia dos valores naturais destes espazos. Do mesmo xeito, o propio Ministerio de Medio Ambiente ten incluída a área de Laxe Brava nun

programa de execución de sendeiros naturais que, tendo como obxectivo a divulgación dos valores ambientais e paisaxísticos do lugar, resultaría seriamente afectada polas instalacións que se pretende instalar.

4. Dedúcese da memoria que o Plan busca lugares apartados das zonas de desenvolvemento, para permitir que zonas cunha economía deprimida, poidan reactivarse con plantas que en si mesmas poden supoñer a fonte de emprego directo máis importante para a comarca, que beneficie a todos os sectores e cidadáns nesas zonas tan sensibles ás inversións polo forte impacto económico que teñen e polo difícil que é atoparse con empresas que invistan nas zonas nas que as granxas mariñas se instalan fundamentalmente. Estes fundamentos son totalmente refutables en termos xerais no que se refire ao Concello de Ribeira e contorno próximo. É evidente que non se van modificar significativamente as cifras socioeconómicas dos municipios costeiros. No caso particular do Concello de Ribeira é destacable a importancia económica do mesmo no contexto comarcal e incluso provincial, cunha poboación censada superior aos 27.000 habitantes, en crecemento, o que achega unha densidade de poboación superior a 400 habitantes/Km<sup>2</sup>, cun desenvolvemento turístico sustentable aínda por desenrolar e con boas perspectivas de futuro. Este tipo de infraestructuras non teñen cabida no marco descrito e na propia conservación dos espazos naturais existentes.

A elaboración dun Plan de ámbito autonómico pode ter unha función vertebradora e estruturante no seu conxunto no sentido de ordenar o territorio para o desenvolvemento de certas actividades. Porén, resultaría unha contradición en si mesma que a busca dun hipotético desenvolvemento económico dun determinado sector de Galiza conlevase un seguro sacrificio económico grave dunha parte importante do mesmo sector que se pretende ordenar. Por iso, no caso particular do parque de Laxe Brava coidamos que existen abondo criterios de rexeitamento para retiralo da proposta.

#### **Alegación 5ª: Escasa poboación beneficiada polas instalacións.** (Art. 4º, criterio c) do Decreto 80/2000)

Máis aló da baixa xeración de emprego, en comparación cos directamente e indirectamente vencellados á explotación dos recursos naturais e culturais autóctonos do litoral (pesca de baixura, marisqueo, acuicultura a flote, agricultura, turismo, industria conserveira, servizos, etc.), quedou xa dito que a acuicultura industrial en terra en absoluto contribúe a *“mellorar a xestión das pesquerías tradicionais”*. Ao contrario, ponas en risco. Non se pode afirmar pois que estas instalacións van a beneficiar ás poboacións asentadas nestas áreas, máis ben comprometen o seu principal medio de vida. De feito, escudándose na declaración de supramunicipalidade e no suposto interese público, a Consellería de Pesca pretende despostrar aos propietarios duns terreos que estes utilizan en gran parte para usos agrícolas e gandeiros desde tempos inmemoriais, actividades tradicionais perfectamente compatibles coa conservación do entorno e que serían incompatibles coas actividades previstas no PGA. Estas, nomeadamente no caso do parque de Laxe Brava, non supoñen, polo tanto, medidas positivas para o ámbito socioeconómico no que se instalan nin se prevé un impacto positivo para a súa poboación, non apreciándose característica algunha que permita definilo como de interese público e intensa utilidade social. Máis ben ao contrario, os **efectos negativos das instalacións sobre as actividades tradicionais** que sustentan a gran parte da poboación local anuncian un **prexuízo serio para a maioría da mesma**. As **múltiples alegacións, sinaturas e manifestacións de todo tipo por parte da veciñanza afectada en contra das instalacións** previstas polo PAG no concello de Ribeira e o seu entorno demostran que non comparten a sensación de que lle vaian aportar beneficio, polo que procede a súa retirada do Plan.

## **Alegación 6ª: Non cumprimento da Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galiza sobre protección da paisaxe.**

que enuncia o apartado f) do Decreto 80/2000 do 23 de marzo, a saber: “f) *Calquera outro criterio que contribúa directamente ós obxectivos fundamentais enunciados no artigo 3 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia*”, entendemos que polas razóns ambientais e económicas antes expostas, este Plano sectorial incumpre o apartado c) do dito artigo 3 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galiza:

c) *Compatibilización do proceso de seguimento do sistema produtivo, da urbanización e da ordenación turística coa racional utilización dos recursos naturais, sobre todo no referente ao litoral, aos recursos hidráulicos e á paisaxe.*

O PAG incumpre claramente este aspecto no caso do parque previstos no concello de Ribeira por tratarse dunha paisaxe de altísimo valor como é o de Laxe Brava. Deberase ter en conta que Laxe Brava é na actualidade un espazo practicamente virxe, sen apenas intervención humana e observable desde o faro de Corrubedo e a praia de Espiñeirido cos que forma unha unidade xeomorfolóxica, por miles de visitantes que acoden anualmente atraídos pola singularidade e estado de conservación desta paisaxe que, como xa se dixo, conta con diferentes figuras de protección que pronto se verán ampliadas como tamén se dixo. Este lugar tivo unha seria afectación durante o naufraxio do “Prestige” que afortunadamente foi superada. Resulta evidente que a implantación do parque de Laxe Brava, coa apertura das vías de comunicación e servizos (electricidade, auga...) que precisa provocaría un impacto irreversible moi superior ao provocado pola catástrofe do “Prestige” no seu momento. Por isto tamén se pide a supresión deste parque no PAG.

## **Alegación 7ª: Non cumprimento da Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galiza sobre lexislación urbanística.**

No apartado 3 do artigo 5º do Decreto 80/2000 do 23 de marzo polo que se regulamentan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal en relación con outros instrumentos de ordenación do territorio e coa lexislación urbanística, a saber:

*“3. No solo rústico de especial protección quedan prohibidas as actuacións que resulten incompatibles cos seus valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou calquera outro que sexa obxecto da protección outorgada ou coas proteccións derivadas da lexislación sectorial de aplicación.”*

Resulta evidente que a incidencia, dentro do Concello de Ribeira do vixente PAG, ao ocupar espazos catalogados como chan rústico de especial protección como o de **Laxe Brava**, incumpre a finalidade indicada no presente artigo por resultar incompatíbeis algunhas das actuacións propostas cos valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos e culturais destes espazos.

## **Alegación 8ª: Incompatibilidade ca Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galiza.**

A este respecto, e dacordo cos apartados 1 e 2 do artigo 4, letras d) e f) do artigo 5 e apartados 1, 2 e 3 do artigo 31 da Lei de Conservación da Natureza, a criazón de parques acuícolas nos espazos protexidos do litoral galego debería supeditarse ao que marquen os Plans de Ordeamento dos Recursos Naturais (**P.O.R.N.**) e/ou os Plans Rectores de Usos e Xestión (**P.R.U.X.**) pendentes de elaboración e aprobación no caso do Parque Natural de Corubedo. Neste senso, a Consellería Do Mar debería agardar cando menos a que se elaboren ditos P.O.R.Ns e P.R.U.X.s denantes de declarar compatíbeis o parques de acuicultura de Laxe Brava. A este respecto, son ben claros os

apartados 2, 3 e 4 do artigo 6 da citada Lei ao estableceren que:

*“2. Os plans de ordenación dos recursos naturais serán obrigatorios e executorios en todo o que afecte á conservación, protección ou mellora da flora, a fauna, a xea, os ecosistemas, a paisaxe e os recursos naturais.*

*3. Os plans de ordenación dos recursos naturais aos que se refire a presente Lei prevalecerán sobre calesquera outros instrumentos de ordenación territorial ou física, constituindo as súas disposicións un límite para estes, cuxas determinacións no poderán alterar ou modificar aquelas e se aplicarán, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes.*

*4. As previsións dos plans de ordenación dos recursos naturais terán carácter vinculante para calesquera outras actuacións, plans ou programas sectoriais en todas as materias ás que se refire o apartado 2 do presente artigo e revestirán carácter indicativo en todo o demáis”.*

Tamén son claros os apartados 1 e 2 do artigo 37 e 39 da mesma Lei cando dispoñen que: “37.1. Os plans de conservación establecerán o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo; 37.2. A aprobación destes plans terá lugar nun prazo non superior aos dous anos dende a declaración do espazo natural como protexido.

*39. Os plans de conservación serán vinculantes, tanto para as Administracións Públicas como os particulares, prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e a súa aprobación conlevará a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles cos mesmos”.*

Polo mesmo, deberíase estender a cautela, e por tanto excluír desta planificación sectorial ás eventuais **zonas de amortecemento** que determinen os respectivos PORNs e PRUXs. Dada a proximidade do Parque de Laxe Brava aos espazos coas figuras de protección indicados na alegación 3ª, que en breve contarán cos respectivos plans reitores e reguladores, cos que poderían ser incompatibles, solicitamos a súa retirada do PAG.

### **Alegación 9ª: Incompatibilidade cas Directivas europeas 92/43/CEE (de Hábitats) e Anexo I da DC 79/409/CEE**

Atópase en fase de discusión e redacción o documento de síntese do Plano Director de Conservación da Rede Natura 2000 de Galiza (PDCRNG) que “establecerá un conxunto de medidas de planificación e xestión para os lugares que integran a Rede Natura 2000 na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de asegurar o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats do Anexo I da **DC 92/43/CEE** e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna establecidas nos Anexos II, IV, V da **DC 92/43/CEE** e no Anexo I da **DC 79/409/CE**: “Medidas orientadas a evitar que nos devanditos lugares, e as futuras zonas especiais de conservación (ZEC), se produzan alteracións ou deterioracións significativas no que respecta aos obxectivos de conservación contemplados en ambas as dúas directivas europeas.” Este documento pretende ser o marco de referencia para ordenar as actividades e os aproveitamentos sustentábeis na Rede Natura galega, e calquera actuación nestas áreas debe estar supeditada ao indicado no PDCRNG. Non pode ser de recibo que o PAG que se nos presenta planifique intervencións sobre espazos protexidos como son os do Complexo Húmido de Corrubedo, ou que poden afectar a este, mentres están en redacción o PORN e PRUX e sen ter en conta as consideracións que recollerá o PDCRNG. A este respecto, cómpre lembrar tamén o recollido pola Directiva 92/43 CE (de Hábitats) no seu artigo 6:

*”3. Cualquier plan o proyecto que, sin tener relación directa con la gestión del lugar o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a los citados lugares, ya sea individualmente o en combinación con otros planes y proyectos, se someterán a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar, teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho lugar.*

*4. [...] En caso de que el lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural y/o una especie prioritarios, únicamente se podrá alegar consideraciones relacionadas con la salud humana y la*

*seguridad pública, o relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para el medio ambiente, o bien, previa consulta a la Comisión, otras razones imperiosas de interés público de primer orden.”*

Segundo isto, e como xa indicamos na alegación 2ª, o parques de Laxe Brava do PAG non pode considerarse necesario para a xestión directa dos respectivos lugares onde pretenden instalarse, non favorece a conservación dese lugar, que ademais alberga especies de flora e fauna prioritarias e, desde logo, non pode ampararse en razóns relacionadas coa saúde humana ou a seguridade pública.

Por todo o anterior, a o **Bloque Nacionalista Galego de Ribeira** solicita que se teñan en conta as anteditas alegacións ao Plan Acuícola de Galiza, no sentido **de retirar do mesmo o Parque de LAXE BRAVA (Corrubedo)**.

Ribeira a, 3 de decembro de 2009



Asdo.Mª Dominga Brión Sanmiguel,  
Voceira do BNG de Ribeira

**SR. DIRECTOR XERAL DE ORDENACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS.  
CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA**